



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 1 DE XULLO DE 2014.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove horas e trinta minutos do día un de xullo de dous mil catorce, reúnese a Mesa de contratación para a adxudicación das obras de “Instalación da iluminación ornamental durante as festas de Verán e Nadal 2014 e Entroido 2015”, presidida polo Concelleiro de Goberno responsable da área de Facenda e Medio Ambiente, don Raimundo González Carballo, por delegación da súa Excelencia o Sr. Alcalde; asisten o Enxeñeiro adxunto ao Enxeñeiro xefe da OTAMIES, don Manuel Torres Corredoira; A Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de Contratación, dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria da Mesa, que da fe do acto.

En vista ao informado polo Técnico competente, as empresas participantes neste concurso incluíron no “SOBRE B” documentación que debería ser incluída no “SOBRE C”, polo que esta Mesa de Contratación ao abeiro do establecido na cláusula 7.1.8 do prego: *“deberá ponerse especial cuidado en la no inclusión en el sobre B (criterios sometidos a juicio de valor) de datos objeto de valoración automática, que habrán de constar en el sobre C. El incumplimiento de esta previsión puede dar lugar a la desestimación de la oferta”*, polo que procede desestimar as ofertas e declarar deserto o procedemento negociado con publicidade. A maior abundamento no modelo de proposición de Anexo III xa se recorda aos licitadores que: *“Se adjudicará, como mínimo la documentación expresada, sin perjuicio de aquellas otra que a mayores pueda aportarse para mejor explicar de lo ofertado. Dichas explicaciones deben ser claras y las necesarias para su correcta interpretación. Debe recordarse la advertencia realizada respecto a la no facilitación en este momento de datos objeto de valoración automática posteriormente. El incumplimiento de esta precisión pueda dar lugar a la desestimación de la oferta”*. En mérito ao anteriormente exposto, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade declarar deserto este procedemento negociado con publicidade e a abrir un novo procedemento negociado sen publicidade para a contratación do alumbeado das festas de verán e nadal 2014 e entroido 2015.

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.